

Course Guide

Curso semipresencial de inglés. Nivel B2.1

Guía do curso para o alumnado

Índice

1. Definición do nivel
2. Obxectivos
3. Contidos e temporalización
4. Modalidade semipresencial
5. Requisitos técnicos
6. Estrutura do curso
7. Tipos de actividades e tarefas
8. Metodoloxía
9. Avaliación
10. Normas de netiqueta
11. Bibliografía e material complementario

-----oOo-----

1. Definición do nivel

As ensinanzas de idiomas de réxime especial do nivel Intermedio correspóndense co nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas, do Consello de Europa, que se subdivide nos niveis B1 e B2. Pola súa vez, o nivel B2 de inglés impártese ao longo de dous cursos académicos, co primeiro dos cales -o B2.1- se corresponde este curso.

O alumnado que supere o nivel B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas – sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

Polo tanto, o alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

2. Obxectivos

Ao finalizar o nivel, o alumnado será quen de:

Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.

Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

3. Contidos e temporalización

O curso desenvolverase durante un ano lectivo. As diferentes actividades de aprendizaxe están organizadas en 10 módulos que requiren dunha dedicación mínima de 6 horas de aprendizaxe autónoma na aula virtual xunto con outras 6 horas de aprendizaxe na aula presencial. Recoméndase un traballo diario para fomentar a autorregulación co fin de acadar unha aprendizaxe significativa.

Podes consultar a secuenciación detallada de contidos e a súa temporalización na programación didáctica do departamento de inglés da túa escola oficial de idiomas. Asemade, na aula virtual cada módulo vai acompañado dunha folla de ruta que indica o camiño a seguir.

4. Modalidade semipresencial

Esta nova modalidade semipresencial combina a partes iguais a aprendizaxe virtual coa presencial: cada semana haberá unha sesión presencial de dúas horas. Dunha banda, na aula virtual traballaranse as seguintes actividades de lingua:

- comprensión de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción e coprodución de textos escritos
- produción de textos orais
- mediación

Na aula presencial, doutra banda, afondarase especialmente nas actividades de lingua que resultan máis difíciles de practicar virtual e individualmente:

- produción e coprodución de textos orais
- técnicas para a organización da produción e coprodución de textos escritos
- mediación.

É moi recomendable, por tanto, cumprir coa asistencia e realizar o traballo requirido en ambos os dous espazos para acadares os obxectivos do curso. A pesar da flexibilidade que proporciona a docencia virtual, cómpre respectar os prazos establecidos para a realización e entrega das tarefas, co fin de levar os contidos ao día e ser quen de seguir o ritmo do grupo.

Cómpre ter presente que a modalidade semipresencial require por parte do alumnado un nivel de autonomía como aprendices de linguas considerablemente maior que a modalidade presencial.

5. Requisitos técnicos

Para o seguemento da parte virtual do curso requírense coñecementos básicos de informática a nivel de usuario, así coma os seguintes dispositivos:

- ordenador con conexión a internet
- micrófono
- cámara web

Se non se dispón destes dous últimos, pódese empregar calquera teléfono móbil ou tableta que conte con eles.

6. Estrutura do curso

O curso comprende 10 unidades temáticas que se corresponden con 10 módulos. Ademais, inclúese un módulo 0, onde atoparás os seguintes elementos:

News forum: É un foro do novas onde o/a profesor/a irá publicando información sobre o curso e o seu desenvolvemento.

Introductions forum: É un foro no que deberás presentarte aos teus compañeiros/as ao inicio do curso.

Tutorials: Nesta sección atoparás documentos de axuda sobre aspectos técnicos da plataforma (como enviar e responder mensaxes, como establecer as túas preferencias, como gravar mensaxes de audio e vídeo, e como arranxar problemas co teu navegador).

Pola súa parte, cada módulo inclúe:

Road map: Nesta folla de ruta ofrécese unha visión panorámica do módulo (partes, tarefas, foros). Convén lelo antes de empezar co módulo.

Forum for Questions and Answers: En cada módulo hai un foro específico para comentar dúbidas e resolvelas entre todos/as e/ou con axuda do profesor/a.

Ademais, as diferentes actividades e tarefas distribúense en catro seccións:



Learning about it: Nesta sección terás ao teu dispor unha serie de actividades de comprensión de textos orais e escritos, léxico, gramática e pronuncia, así como pautas e consellos para enriquecer a túa produción e coprodución oral e escrita. Tamén atoparás xogos e actividades para reflexionar sobre temas socioculturais.



Communicating and sharing: Nesta sección atoparás unha serie de actividades para facer colaborativamente cos outros participantes. Estas poden ser foros, wikis, bases de datos, padlets ou mapas mentais.



Making progress: Esta sección comprende tarefas de comprensión oral e escrita así como produción oral e escrita sobre as que recibirás feedback específico por parte do/a docente seguindo unha rúbrica de avaliación.



Follow-up: Nesta sección atoparás ligazóns e arquivos de interese para consolidar ou ampliar o aprendido ao longo do módulo. Tamén poderás

completar un pequeno cuestionario *Check your progress* e reflexionar sobre a aprendizaxe e consecución dos obxectivos de cada módulo.

Todos os contidos da parte virtual deste curso complementáanse coa actividade na aula presencial. A icona indica as tarefas que se desenvolverán na aula

presencial (F2F). .

7. Tipos de actividades e tarefas

Todas as actividades e tarefas veñen acompañadas de instrucións e exemplos que convén que leas con calma para saber como facelas de maneira satisfactoria. A medida que vaías avanzando e realizando as actividades,

marcarase un tick á marxe dereita .

Ao longo dos diferentes módulos realizarás diferentes tipos de tarefas:

 **Forum** : Son actividades nas que os/as usuarios/as interactúan intercambiando información ou opinións: abrindo fíos de conversa e publicando respostas. Neste curso cada módulo contén, polo menos un foro no que deberás participar. Neste mesmo documento poderás ler con calma sobre netiqueta e normas aplicables aos foros.

 **Glossary** : Esta actividade consiste na creación dun glosario de xeito colaborativo. En todos os módulos súxírese publicar, polo menos, un termo no glosario seguindo as pautas indicadas nas instrucións. Ao rematares o módulo disporás do glosario completo que poderás imprimir e gardar.

 **Task** : En cada módulo deberás entregar as tarefas escritas e/ou orais que serán avaliadas polo docente. Na descrición das tarefas estará explicada a forma de entrega e a rúbrica.

 **Mind map** : O mapa de ideas permite organizar colaborativamente o novo vocabulario do módulo de maneira moi gráfica. É unha forma moi enriquecedora de avanzares na aprendizaxe xunto cos/as compañeiros/as.

 **Quizz** : En todos os módulos atoparás actividades de comprensión escrita e oral cunha series de preguntas similares as probas de avaliación e certificación. Unha vez rematados estes, recibirás o resultado.



Wiki : Unha wiki é unha páxina que pode ser editada polos usuarios co fin de recoller información e colaborar na creación dun proxecto de forma colaborativa. Para traballar na wiki só tes que acceder a través da actividade e engadir contido premendo [edit].



Base de datos : Unha base de datos é unha ferramenta que serve para compartir datos sobre un tema. Para traballar nela hai que permer no botón [add entry] e cubrir os datos solicitados.

Padlet: Padlet é unha ferramenta dixital que permite publicar contidos multimedia dentro dun taboleiro virtual e, á súa vez, interactuar comentando as publicacións dos demais. Neste curso hai varias tarefas nas que deberás crear contido en Padlet seguindo as pautas descritas. Non é necesario estar dado de alta na plataforma para poder publicar contido. Simplemente tes que seguir a ligazón que aparece no foro.



Groups : A través desta actividade poderás formar mini-grupos para realizardes algunhas tarefas colaborativas.



Survey : Esta actividade permite facer pequenas enquisas ou sondaxes acerca dun determinado tema.

8. Metodoloxía

A modalidade semipresencial permite combinar as vantaxes da formación en liña e da formación presencial, adaptando a aprendizaxe aos recursos tanto técnicos como humanos que están á nosa disposición.

Dende un enfoque competencial, en cada módulo preséntanse unha serie de tarefas para cuxa realización contarás cun paquete de actividades en eXelearning que te guiarán no proceso. Algunhas destas tarefas están deseñadas para traballar de maneira individual, e outras requiren un traballo colaborativo. Ambos tipos de tarefas están orientados a favorecer a reflexión e a aprendizaxe autónoma do alumnado a través da tecnoloxía.

Deste xeito, na contorna virtual terás acceso a materiais de consulta e actividades de comprensión e de exposición que poderás realizar con flexibilidade. Pero tamén terás múltiples oportunidades de colaboración para aprender colaborativamente: os foros, os glosarios, as wikis, padlets... Aproveita estas actividades porque están deseñadas para potenciar a creatividade, a comunicación e o intercambio de ideas, en definitiva, o uso da lingua en contexto.

A metodoloxía é, por tanto, eminentemente práctica, promovendo a idea de aprender facendo, así coma a reflexión sobre a propia aprendizaxe.

9. Avaliación

Ao longo do curso empregaranse diferentes ferramentas de avaliación formativa mediante as que obterás retroalimentación continuada por parte do/a profesor/a sobre o teu proceso de aprendizaxe, tanto na aula virtual coma presencial. Así, o profesor corraxirá as túas tarefas e remitirá comentarios para axudarte a enfocar mellor a túa aprendizaxe e para que saques o máximo partido do curso. Noutras ocasións, as suxestións e propostas de mellora virán dos teus propios compañeiros/as, que che aportarán unha visión de igual a igual.

Para máis información sobre avaliación e cualificación, consulta a programación didáctica do departamento de inglés da túa escola oficial de idiomas para coñecer os criterios e os tipos de avaliación que se realizarán durante o curso.

10. Normas de netiqueta

Igual que sucede no mundo real, no mundo virtual existen unha serie de normas de convivencia, baseadas no respecto, que facilitan a comunicación e evitan situacións indesexables e conflitos:

1. Trata aos demais como che gustaría que te tratasen a ti. Cando escribas unha mensaxe relea antes de enviala e pensa cal sería a túa reacción se a recibises.
2. Ten en conta que na linguaxe escrita non é posible dar entoación, "imítaa" utilizando emoticonas.
3. Evita escribir en maiúsculas. Na Rede considérase "berrar" e ademais dificulta a lectura.
4. Cando inicies un fío ou discusión, escribe un título claro e representativo do contido. Evita títulos imprecisos e xerais como: "Teño unha dúbida".
5. Se a túa resposta a unha mensaxe só interesa ao autor non lle contestes no foro senón envíalle un correo persoal.
6. Non volvas preguntar algo que xa se tratou. Antes de preguntar sobre algún tema, asegúrate de que non fose contestado con anterioridade.
7. Inclúe suficiente información cando envíes unha pregunta.
8. Non esperes recibir unha resposta inmediata.

11. Bibliografía e material complementario

Recomendacións de dicionarios en liña:

- [Cambridge Dictionary](#): dicionario monolingüe e bilingüe que inclúe definicións, pronuncia e exemplos de uso.
- [Word Reference](#): dicionario monolingüe e bilingüe. Ofrece foros nos que se poden consultar dúbidas lingüísticas concretas.
- [Merriam Webster Dictionary](#): dicionario monolingüe de inglés americano que proporciona definicións e sinónimos.

- [English Collocations Dictionary online](#): dicionario de *collocations* que ofrece información sobre que combinacións de palabras aparecen xuntas con maior frecuencia.
- [Synonyms and Antonyms](#): dicionario de sinónimos e antónimos.
- [Dictionary of English Phrasal Verbs](#): dicionario de verbos frasais.

O teu profesor/a facilitarache máis información sobre bibliografía ao comezo do curso. Tamén podes consultar información bibliográfica na propia páxina web do centro no que estás matriculado/a.